

tores ou extractores, importadores, adquirentes intracomunitarios ou empresarios a que se refire o parágrafo anterior.»

«Artigo 34. *Normativa aplicable e exacción do imposto.*

Un. O imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos é un tributo concertado que se rexerá polas mesmas normas substantivas e formais que as establecidas en cada momento polo Estado.

Non obstante o anterior, as institucións competentes dos territorios históricos poderán establecer os tipos de gravame do imposto dentro dos límites e nas condicións vixentes en cada momento en territorio común.

Así mesmo, as institucións competentes dos territorios históricos poderán aprobar os modelos de declaración e ingreso, que conterán polo menos os mesmos datos que os de territorio común, e sinalar prazos de ingreso para cada período de liquidación, que non diferirán substancialmente dos establecidos pola Administración do Estado.

Dous. Corresponderalles ás respectivas deputacións forais a exacción do imposto sobre as vendas polo miúdo de determinados hidrocarburos nos seguintes casos:

a) Vendas ou entregas dos produtos comprendidos no ámbito obxectivo do imposto efectuadas nos establecementos de venda ao público polo miúdo situados en territorio vasco, con excepción das subministracións que se efectúen a consumidores finais que dispoñan das instalacións necesarias para recibilos e consumilos fóra do devandito territorio. Correlativamente, corresponderalles ás deputacións forais a exacción do imposto polas subministracións que se efectúen desde territorio común a consumidores finais que dispoñan das instalacións necesarias para recibilos e consumilos no País Vasco.

b) Importacións e adquisicións intracomunitarias dos produtos comprendidos no ámbito obxectivo do imposto, cando se destinen directamente ao consumo do importador ou do adquirente nun establecemento de consumo propio situado no País Vasco.»

«Disposición transitoria primeira.

A cifra determinante do volume de operacións establecida neste concerto económico resultará de aplicación aos períodos impositivos ou de liquidación, segundo o imposto de que se trate, que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2008.»

«Disposición transitoria oitava.

As devolucións parciais no imposto sobre hidrocarburos, derivadas do establecemento do tipo reducido especial ao gasóleo utilizado como carburante para fins profesionais que autoriza a Directiva 2003/96/CE do Consello, do 27 de outubro de 2003, pola que se reestrutura o réxime comunitario de imposición dos produtos enerxéticos e da electricidade, efectuaas a Administración correspondente ao domicilio fiscal do beneficiario das devanditas devolucións.»

«Disposición transitoria novena.

As devolucións extraordinarias do imposto sobre hidrocarburos para agricultores e gandeiros derivadas da aplicación de medidas para paliar o incremento de custos dos insumos na produción sufridos no sector agrario, efectuaas a Administra-

ción correspondente ao domicilio fiscal do beneficiario das ditas devolucións.»

«Disposición transitoria décima.

Cando, consonte a disposición adicional quinta da Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos, se proceda á transformación dalgún organismo autónomo ou entidade pública empresarial en axencia, aplicarase, respecto destas, o réxime de competencias previsto no artigo 7 para os organismos autónomos e entidades públicas empresariais.»

18577 *LEI 29/2007, do 25 de outubro, pola que se aproba a metodoloxía de sinalamento da cota do País Vasco para o quinquenio 2007-2011.* («BOE» 257, do 26-10-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española, na súa disposición adicional primeira, declara o amparo e respecto dos dereitos históricos dos territorios forais, e ordena que a actualización do dito réxime foral se levará a cabo, se é o caso, no marco da propia Constitución e dos estatutos de autonomía.

O Estatuto de autonomía do País Vasco, aprobado pola Lei orgánica 3/1979, do 18 de decembro, establece, no seu artigo 41, alínea 1, que as relacións de orde tributaria entre o Estado e a Comunidade Autónoma do País Vasco se regularán polo sistema tradicional de concerto económico, e a alínea 2.d) do dito artigo dispón que o País Vasco contribuirá ao sostemento das cargas xerais do Estado mediante a achega dunha cota global integrada polas correspondentes a cada un dos seus territorios históricos.

Finalmente, a alínea 2.e) do citado artigo 41 prevé que unha comisión mixta procederá ao sinalamento das cotas correspondentes a cada territorio histórico e que a cota global resultante se aprobará por lei coa periodicidade que se fixe no concerto económico.

O Concerto Económico entre o Estado e o País Vasco, aprobado pola Lei 12/2002, do 23 de maio, establece no seu artigo 50, punto un, que cada cinco anos, mediante lei das Cortes Xerais e logo de acordo da Comisión Mixta do Concerto Económico, se procederá a aprobar a metodoloxía de sinalamento da cota que debe rexer no quinquenio, conforme os principios xerais establecidos no concerto económico, así como a aprobar a cota do primeiro ano do quinquenio.

En cumprimento destes preceptos, ambas as administracións, de común acordo, procederon a determinar a metodoloxía de sinalamento da cota que se debe aplicar durante o quinquenio 2007-2011 e a fixar a cota líquida provisional do ano 2007, ano base do quinquenio, tendo adoptado a Comisión Mixta do concerto económico os correspondentes acordos na súa reunión do 30 de xullo de 2007.

Artigo único. *Aprobación da metodoloxía de determinación da cota do País Vasco para o quinquenio 2007-2011.*

Apróbase a metodoloxía de determinación da cota do País Vasco para o quinquenio 2007-2011, a que se refiren o artigo 41.2.e) do Estatuto de autonomía do País Vasco e o artigo 50 do Concerto Económico entre o Estado e o País Vasco, que figura como anexo a esta lei.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2007.

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 25 de outubro de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO

CAPÍTULO I

Réxime xurídico e vixencia da metodoloxía

Artigo 1. *Réxime xurídico e vixencia da metodoloxía.*

As cotas do País Vasco correspondentes aos exercicios 2007-2011, ambos inclusive, serán determinadas pola metodoloxía regulada nos artigos seguintes, normativa que aplica a establecida na sección 2.^a do capítulo II do concerto económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco, aprobado por Lei 12/2002.

Artigo 2. *Sistemática.*

Para efectos do disposto no artigo anterior determinárase a cota líquida do ano base do quinquenio, que será actualizado para os exercicios seguintes.

CAPÍTULO II

Determinación da cota líquida do ano base

Artigo 3. *Determinación da cota do ano base.*

A cota líquida do ano base do quinquenio 2007-2011 será determinada pola aplicación do índice de imputación ao importe total das cargas non asumidas pola Comunidade Autónoma e mediante a práctica dos correspondentes axustes e compensacións, todo iso nos termos previstos nos artigos seguintes.

Artigo 4. *Cargas do Estado non asumidas pola Comunidade Autónoma.*

Un. Considéranse cargas do Estado non asumidas pola Comunidade Autónoma as que correspondan a competencias cuxo exercicio non fose asumido efectivamente por aquela.

Dous. Para a determinación do importe total das ditas cargas deducirase do total de gastos do orzamento do Estado a asignación orzamentaria íntegra que, a nivel estatal, lles corresponda ás competencias asumidas pola

Comunidade Autónoma, desde a data de efectividade da transferencia fixada nos correspondentes reais decretos.

Tres. Entre outras, terán o carácter de cargas non asumidas pola Comunidade Autónoma, as seguintes:

a) As cantidades asignadas nos orzamentos xerais do Estado aos fondos de compensación interterritorial.

b) As transferencias ou subvencións que faga o Estado a favor de entes públicos na medida en que as competencias desempeñadas por estes non estean asumidas pola Comunidade Autónoma do País Vasco.

c) Os intereses e cotas de amortización das débedas do Estado.

Catro. A imputación aos territorios históricos da parte correspondente por cargas non asumidas efectuarase por aplicación do índice de imputación a que se refire o artigo 7 seguinte.

Artigo 5. *Axustes.*

Un. Sen prexuízo do disposto nos artigos 14 e 15 seguintes, as cifras que resulten da imputación a que se refire o número catro do artigo anterior axustaranse para perfeccionar a estimación dos ingresos por impostos directos imputables ao País Vasco e ao resto do Estado, segundo o establecido no artigo 55 do concerto.

Dous. As cantidades que resulten da práctica do axuste regulado no número un anterior constituirán a cota de cada territorio histórico.

Artigo 6. *Compensacións.*

Un. Da cota correspondente a cada territorio histórico restaranse por compensación os seguintes conceptos:

a) A parte imputable dos tributos non concertados.

b) A parte imputable dos ingresos orzamentarios de natureza non tributaria.

c) A parte imputable do déficit que presenten os orzamentos xerais do Estado.

Dous. Tamén serán obxecto de compensación da cota de cada territorio histórico a parte imputable ao País Vasco por aqueles ingresos que financian as funcións e servizos traspasados ao País Vasco en materia sanitaria e de servizos sociais da Seguridade Social e que con anterioridade á entrada en vigor da Lei 12/2002, do 23 de maio, eran satisfeitos ao País Vasco mediante transferencias da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, por aplicación do previsto no réxime orzamentario regulado nos reais decretos 1536/1987, do 6 de novembro; 1476/1987, do 2 de outubro; 1946/1996, do 23 de agosto, e 558/1998, do 2 de abril.

Tres. A imputación dos conceptos sinalados nos números anteriores efectuarase aplicando o índice establecido no artigo 7 seguinte.

Artigo 7. *Índice de imputación.*

O índice de imputación a que se refiren os artigos 4 e 6 precedentes, determinado basicamente en función da renda dos territorios históricos en relación co Estado, é o 6,24 por cento para o quinquenio en curso.

Artigo 8. *Cota líquida.*

A cantidade que resulte tras a práctica dos axustes regulados no artigo 5 e as compensacións reguladas no artigo 6.un anteriores constitúe a cota líquida do País Vasco correspondente ao exercicio 2007, ano base do quinquenio.

A dita cota líquida, unha vez determinada, minorarase no importe da compensación indicada no artigo 6. Dous anterior, así como na cantidade resultante de aplicar a disposición transitoria cuarta do concerto económico.

CAPÍTULO III

Determinación da cota líquida dos anos seguintes do quinquenio e liquidación definitiva das cotas

Artigo 9. *Método de determinación.*

A cota líquida correspondente aos anos do quinquenio posteriores ao ano base determinarase provisionalmente por aplicación dun índice de actualización ao dito concepto.

Igualmente se operará nos anos seguintes ao ano base coa compensación establecida no artigo 6.dous desta lei.

Artigo 10. *Índice de actualización.*

O índice de actualización é o cociente entre a previsión de ingresos por tributos concertados, excluídos os tributos cedidos na súa totalidade ás comunidades autónomas, que figure nos capítulos I e II do orzamento de ingresos do Estado, do exercicio a que se refira a cota líquida e os ingresos previstos polo Estado polos mesmos conceptos tributarios no ano base do quinquenio.

Artigo 11. *Efectos por variación nas competencias asumidas.*

Un. Se durante calquera dos anos do quinquenio, a Comunidade Autónoma do País Vasco asumise novas competencias cuxo custo anual a nivel estatal fose incluído dentro das cargas do Estado que se computaron para a determinación da cota do ano base do quinquenio recollido no artigo 8, procederá a calcular o custo total anual a nivel estatal asociado ao traspaso no exercicio en que este se produza, segundo se deduza dos orzamentos xerais do Estado para o referido exercicio.

No suposto de que a efectividade do novo traspaso non coincidise co 1 de xaneiro do exercicio, procederá a ratear o custo total anual a nivel estatal asociado ao traspaso no dito exercicio proporcionalmente á parte do ano en que o País Vasco asumise tales competencias, con efectos exclusivos para a determinación da cota do exercicio en que se produza o traspaso.

A citada redución proporcional terá en conta a periodicidade real dos gastos correntes, así como o efectivo grao de realización dos investimentos do Estado.

Dous. No caso de se producir a circunstancia sinalada no punto anterior, procederá a minorar a cota líquida do ano base do quinquenio no importe que resulte de aplicar ao custo total anual a nivel estatal no exercicio en que se produza o traspaso, dividido polo índice de actualización regulado no artigo 10, o índice de imputación regulado no artigo 7.

A cota líquida do ano base do quinquenio, así revisada, será a que se utilice para a determinación da cota do exercicio en que se produce o traspaso e dos exercicios posteriores.

Tres. O mecanismo descrito aplicarase de maneira inversa no caso de que a Comunidade Autónoma do País Vasco deixase de exercer competencias que tivese asumidas.

Catro. Se durante calquera dos anos do quinquenio, o Estado reservase para si ou asumise novos compromisos de financiamento derivados de medidas legislativas, de interese xeral ou de acordos interinstitucionais, sobre materias cuxa execución corresponda ás comunidades

autónomas, reunirse a Comisión Mixta do Concerto Económico para analizar e determinar a participación financeira que, se é o caso, lle corresponda ao País Vasco.

Artigo 12. *Liquidación definitiva.*

Un. As cotas fixadas provisionalmente conforme o disposto nos artigos anteriores liquidaranse definitivamente aplicando o valor real do índice de actualización definido no artigo 10, que se deduza da recadación líquida realmente obtida polo Estado, tanto no exercicio a que se refire a cota como no ano base do quinquenio, á cota líquida definitiva do ano base.

Igualmente se operará para liquidar definitivamente a compensación establecida no artigo 6.dous desta lei.

Dous. Excepcionalmente, a liquidación definitiva da cota líquida correspondente ao ano base do quinquenio, efectuarase considerando o valor real do índice de actualización, definido no artigo 10, que se deduza da recadación líquida realmente obtida polo Estado no ano base do quinquenio, respecto á previsión de recadación para ese mesmo exercicio que figure no orzamento de ingresos do Estado.

Igualmente se operará para a liquidación definitiva correspondente ao ano base do quinquenio da compensación establecida no artigo 6.dous desta lei.

Tres. A recadación líquida obtida polo Estado en cada exercicio será a que se deduza da certificación expedida pola Intervención xeral da Administración do Estado para estes efectos, computándose como tal a obtida no ano a que se refire a certificación, calquera que sexa o do devengo.

Catro. A liquidación definitiva efectuarase no mes de maio do exercicio seguinte a que se refiren a cota obxecto dela e as diferenzas que orixine a cota líquida e a compensación fixada provisionalmente para o citado exercicio regularizaranse no citado mes de maio, computándose, se é o caso, co ingreso a efectuar previsto no artigo seguinte, no citado mes.

CAPÍTULO IV

Normas comúns

Artigo 13. *Ingreso da cota.*

Un. A cantidade a ingresar pola Comunidade Autónoma do País Vasco en cada exercicio aboarase á Facenda pública do Estado en tres prazos iguais, durante os meses de maio, setembro e decembro do mesmo exercicio.

Artigo 14. *Axuste polo imposto sobre o valor engadido.*

Un. Á recadación real do País Vasco polo imposto sobre o valor engadido engadiránselle:

a) O 6,875 por cento da recadación polo imposto sobre o valor engadido obtida nas alfándegas.

b) O 1,110 por cento da recadación real do territorio común dividida polo 94,235 por cento, ou da recadación real do País Vasco dividida polo 5,765 por cento, segundo que a porcentaxe de recadación do País Vasco con respecto á total estatal, excluída a obtida nas alfándegas, sexa superior ou inferior, respectivamente, ao 5,765 por cento.

Dous. A imputación provisional do axuste anterior e a súa regularización como definitivo no exercicio inmediato seguinte, efectuarase conforme o procedemento vixente en cada momento aprobado pola Comisión Mixta do Concerto Económico.

Artigo 15. *Axuste polos impostos especiais de fabricación.*

Un. Á recadación real do País Vasco polos impostos especiais de fabricación, sobre alcohol e bebidas derivadas, produtos intermedios, cervexa, hidrocarburos e elaborados do tabaco, engadiránselle:

a) 1. O 7,130 por cento da recadación polos impostos sobre alcohol, bebidas derivadas e sobre produtos intermedios obtida nas alfándegas.

2. O 5,198 por cento da recadación real polos impostos sobre alcohol e bebidas derivadas e sobre produtos intermedios do territorio común dividida polo 98,068 por cento, ou da recadación real do País Vasco polos mesmos conceptos tributarios dividida polo 1,932 por cento, segundo que a porcentaxe de recadación do País Vasco con respecto á total estatal, excluída a obtida nas alfándegas, sexa superior ou inferior, respectivamente, ao 1,932 por cento.

b) 1. O 7,130 por cento da recadación polo imposto sobre a cervexa obtida nas alfándegas.

2. O 5,399 por cento da recadación real polo imposto sobre a cervexa do territorio común dividida polo 98,269 por cento, ou da recadación real do País Vasco polo mesmo concepto tributario dividida polo 1,731 por 100, segundo que a porcentaxe de recadación do País Vasco con respecto á total estatal, excluída a obtida nas alfándegas, sexa superior ou inferior, respectivamente, ao 1,731 por cento.

c) 1. O 6,560 por cento da recadación polo imposto sobre hidrocarburos obtida nas alfándegas.

2. Con signo negativo, o 1,700 por cento da recadación real polo imposto sobre hidrocarburos do territorio común dividida polo 91,740 por cento, ou da recadación real do País Vasco polo mesmo concepto tributario dividida polo 8,260 por cento, segundo que a porcentaxe de recadación do País Vasco con respecto á total estatal, excluída a obtida nas alfándegas sexa superior ou inferior, respectivamente, ao 8,260 por cento.

d) A diferenza entre o resultado de aplicar á recadación real no territorio común polo imposto sobre os elaborados do tabaco, a porcentaxe que corresponda anualmente ao valor dos elaborados subministrados a expendurías de tabaco e timbre situadas no País Vasco, sobre o valor dos elaborados subministrados aos ditos establecementos no territorio de aplicación deste imposto, e o resultado de aplicar o complementario a cen da porcentaxe anteriormente definida á recadación real polo mesmo concepto tributario no País Vasco.

Dous. No caso de que a recadación real obtida polo País Vasco difira, polo imposto sobre hidrocarburos en máis do 7 por cento, e polos impostos sobre alcohol e bebidas derivadas, produtos intermedios e cervexa en máis do 10 por cento, da cifra que resulte de aplicar os índices contidos no último inciso das letras a) 2, b) 2 e c) 2 do punto un deste artigo á recadación real do conxunto do Estado por cada un destes, corríxanse os ditos índices para efectuar os axustes do ano en que se produzan as diferenzas citadas.

A dita corrección realizarase por aplicación da porcentaxe de variación, positiva ou negativa, que exceda sobre os respectivos límites establecidos no parágrafo anterior aos correspondentes índices contidos no último inciso das letras a) 2, b) 2 e c) 2 do punto un anterior.

Tres. A imputación provisional do axuste anterior, para cada un dos impostos, e a súa regularización como definitiva, no exercicio inmediato seguinte, efectuarase conforme o procedemento vixente en cada momento aprobado pola Comisión Mixta do Concerto Económico.

Disposición adicional primeira.

Para o quinquenio 2007-2011 mantense vixente o establecido na disposición adicional primeira da Lei 37/1997, do 4 de agosto.

Disposición adicional segunda.

Apróbase a cota líquida do País Vasco para o ano base do quinquenio 2007-2011 que figura no anexo 1 desta metodoloxía.

Disposición adicional terceira.

A aplicación ao País Vasco das disposicións de carácter financeiro para a configuración do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, o desenvolvemento da Lei orgánica de educación e as acordadas na Conferencia de Presidentes que tivo lugar o 10 de setembro de 2005 para o financiamento da sanidade, será determinada por aplicación do previsto nos acordos da Comisión Mixta do Concerto Económico.

Disposición adicional cuarta.

No caso de que se producise unha reforma no ordenamento xurídico tributario do Estado que afectase a concertación dos tributos, se producise unha alteración na distribución das competencias normativas que afecte o ámbito da imposición indirecta ou se creasen novas figuras tributarias ou pagamentos á conta, ambas as administracións procederán, de común acordo, á pertinente revisión da cota líquida do ano base do quinquenio e do índice de actualización daquela, na forma e contía que resulte procedente, producindo todo isto efectos a partir do ano en que se produza a dita reforma.

Ambas as administracións acordarán, se é o caso, o establecemento dos axustes ou compensacións que, dada a natureza da figura tributaria concertada, sexan procedentes.

Disposición adicional quinta.

No caso de se producir unha reforma do réxime de cesión de tributos do Estado ou unha modificación substancial nos orzamentos xerais do Estado como consecuencia da reforma do sistema de financiamento das comunidades autónomas ou dos entes locais, reunirase a Comisión Mixta do Concerto Económico para analizar e determinar, se procede, a revisión da cota líquida do ano base do quinquenio e/ou do índice de actualización daquela, producindo a revisión, se é o caso, efectos a partir do ano en que se produza a dita reforma.

Disposición adicional sexta.

No suposto de que se modifique o actual réxime de fabricación e comercio de elaborados do tabaco, ambas as administracións procederán, de común acordo, á revisión da letra d) do artigo 15.un.

Disposición adicional sétima.

O importe da Policía autónoma recollido no anexo 1 reflicte o financiamento correspondente ao número total de efectivos en situación administrativa de servizo activo derivada dos acordos de despregamento adoptados antes do 1 de xaneiro de 2007.

A Comisión Mixta do Concerto Económico acordará o financiamento do incremento que experimente a actual cadro de persoal da Policía autónoma.

Disposición transitoria única.

Excepcionalmente para o exercicio 2007, incrementarase o importe da cota provisional no importe que corresponda á parte do ano en que os efectivos da 20.^a promoción da Policía autónoma permaneceron en período de formación, por aplicación dos acordos adoptados pola Comisión Mixta do Concerto Económico nesta materia.

Disposición derradeira primeira.

Excepcionalmente, se transcorrido o prazo de vixencia desta lei non se promulgase unha nova Lei reguladora da metodoloxía de sinalamento da cota para os exercicios seguintes, a metodoloxía recollida nesta lei será de aplicación en todos os seus termos para o sinalamento provi-

sional das cotas líquidas e das compensacións a que se refiren o artigo 6.dous e a disposición adicional primeira desta metodoloxía e a disposición transitoria cuarta do concerto económico no exercicio 2012 e seguintes.

As cotas e compensacións así determinados serán substituídas polas que resulten procedentes de aplicar a lei que as regule citada no parágrafo anterior, unha vez que esta sexa aprobada.

Disposición derradeira segunda.

O disposto nesta metodoloxía enténdese, sen prexuízo da normativa contida nas disposicións adicionais, transitorias e derradeiras do concerto económico co País Vasco, que permanecen vixentes na medida en que sexan de aplicación nos seus propios termos.

ANEXO 1

Cota provisional da Comunidade Autónoma do País Vasco para o ano base 2007

	Miles de euros	Miles de euros
Orzamento do Estado. Gastos	—	188.417.352,98
Cargas asumidas pola Comunidade Autónoma (1)	—	102.664.732,79
Total cargas non asumidas	—	85.752.620,19
Imputación do índice ás cargas non asumidas	—	—
6,24 por cento sobre 85.752.620,63	—	5.350.963,50
Compensacións e axustes a deducir	—	-3.702.794,41
Por tributos non concertados (3.942.605,41 ao 6,24 por cento) ..	-246.018,58	—
Por outros ingresos non tributarios (7.589.293,77 ao 6,24 por cento) .	-473.571,93	—
Por déficit orzamentario (40.872.263,17 ao 6,24 por cento)	-2.550.429,22	—
Por impostos directos concertados	-432.774,68	—
Cota líquida	—	1.648.169,09
Compensacións artigo 6.dous da Lei de cota	—	-82.088,07
Disposición transitoria única Lei de cota	—	2.980,31
Compensacións Álava	—	-3.823,80
Líquido a pagar	—	1.565.237,53

(1) Neste importe está integrada como carga asumida unha valoración a nivel estatal de Policía autónoma de 10.189.126 miles de euros. Sen prexuízo do establecido na disposición adicional terceira da metodoloxía de cota 2007-2011.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

18580 *REAL DECRETO 1314/2007, do 5 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina. («BOE» 257, do 26-10-2007.)*

O Real decreto 650/1994, do 15 de abril, polo que se establecen medidas xerais de loita contra determinadas enfermidades dos animais e medidas específicas contra a enfermidade vesicular porcina, incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 92/119/CEE do Consello, do 17 de decembro de 1992, pola que se establecen medidas comunitarias xerais para a loita contra determinadas

enfermidades de animais e medidas específicas respecto á enfermidade vesicular porcina.

Mediante a Directiva 2007/10/CE, da Comisión, do 21 de febreiro de 2007, pola que se modifica o anexo II da Directiva 92/119/CEE do Consello no que atinxe ás medidas que se deben tomar nunha zona de protección cando se produce un abrocho de enfermidade vesicular porcina, establecéronse novas previsións respecto do destino dos produtos resultantes do tratamento, de animais de explotacións situadas na zona de protección, cando a situación sanitaria con respecto á enfermidade vesicular porcina permita e sempre que se faga de maneira que non afecte o nivel de protección fronte á enfermidade vesicular porcina no comercio intracomunitario ou internacional.

Mediante este real decreto incorpórase a Directiva 2007/10/CE, da Comisión, do 21 de febreiro de 2007, a través da modificación do anexo II do Real decreto 650/1994, do 15 de abril, ao mesmo tempo que se modifica este para incluír o réxime sancionador aplicable, e a facultade de modificación dos seus anexos mediante orde do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para a súa adaptación á normativa comunitaria.